



Rógase ao profesorado que dea lectura pública nas aulas da páxina 1 deste boletín e que logo se fixe no taboleiro da aula.

Renovación do Consello Escolar

Sendo as 17.00 horas do día 2 de Novembro de 2021 constitúese a Xunta Electoral da Escola Oficial de Idiomas de Vigo co obxecto de supervisar todo o proceso electoral que se levará a cabo para a renovación do Consello Escolar conforme ao disposto na Resolución do 2o de setembro de 2021 (D.O.G. do 29 de setembro).

Acórdase entre outros puntos :

- 1.- Fixar dende as **10.00 horas do martes día 9 de novembro e ata as 12.00 horas do martes día 16 de Novembro o prazo para a presentación das distintas candidaturas** a membros do Consello Escolar. Todas aquelas persoas interesadas en ser candidatos terán á súa disposición os impresos oportunos na Conserxería, onde deberán entregalos unha vez formalizados e dentro do prazo establecido.
- 2.- Formar unha soa mesa electoral con unha única urna para efectuar as votacións de alumnos e pais/nais/persoas titoras, pois as papeletas son diferentes e poden facilmente ser separadas no recuento. Esta mesa estará presidida polo director ou o vicedirector, e contará con dous membros do alumnado. Nas seccións constituirase cadansúa mesa electoral presidida pola xefa ou xefe de estudos da sección e contará con dous membros do alumnado.
- 3.- Dar a máxima publicidade do proceso, ademais das máximas facilidades aos candidatos para dar a coñecer os seus programas, tales como:
 1. Poder facer fotocopias no centro.
 2. Dispor de espazo para reunións.
 3. O alumnado terá a posibilidade de **entrar nas aulas 5 minutos** para explicar o seu programa.
 4. E cantas o centro estea en disposición de ofrecer.

Membros que renovan por sector

Sector	Elixidos en 2018 que seguen sendo membros do C.E.	Membros que serán elixidos en 2021	Total de representantes no Consello Escolar
Alumnado	2	5 (un será a persoa que presida a Xunta de Delegados)	7
Nais/Pais/titores	0	2	2
PAS	1	0	0
Profesorado	3	6	9

Vigo, 8 de novembro de 2021

A Presidenta da Xunta Electoral

Asdo.: Laura Torrado Mariñas





CALENDARIO ELECTORAL 2021 RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR

Aprobado pola Xunta Electoral o 2 de novembro de 2021

NOVEMBRO	
Martes 2	17.00 h: Constitución da Xunta Electoral
Luns 8	10.00 h: Publicación dos Censos Electorais.
Martes 9	10.00 h: Admisión de Candidaturas de <u>Alumnado</u>, <u>Profesorado</u>, <u>Pais/Nais/Personas titoras</u> e <u>Persoal de Administración e Servizos</u>. (O centro facilitará os medios necesarios para colaborar na campaña das candidaturas. As persoas candidatas cubrirán un impreso que poremos á súa disposición na conserxaría, onde tamén poderá ser entregado) Inicio de prazo de reclamacións ao Censo Electoral.
Luns 15	12.00 h: Remate do prazo de reclamacións ao Censo Electoral. 16.30 h: Xunta Electoral: resolución das reclamacións ao censo
Martes 16	14.00 h: Remate de Admisión de Candidaturas
Mércores 17	16.30 h: Xunta Electoral: resolución de <u>reclamacións ao censo</u> e <u>proclamación das candidaturas</u> .
Xoves 18	10.00 h: Inicio do prazo de presentación de reclamacións á proclamación de candidaturas (2 días) (Disporase impreso correspondente en conserxaría)
Venres 19	17.00 h: Resolución das reclamacións pola Xunta Electoral
Luns 22	15.30 h: Claustro extraordinario para votación do profesorado.
Luns 22	10.30-12.30h e 18.00-20.00h: Votación do Alumnado e Pais/Nais/Titores (Lugar: Recibidor da EOI – Sede Central) Seccións: 18.00-20.00 h (Lugar: nas respectivas seccións) 12.30-14.00h: Votación do Persoal de Administración e Servizos (Lugar: Secretaría do centro)
Luns 22	20.30 h: Xunta Electoral: proclamación das candidaturas elixidas.
Martes 30	17.00h: Publicación de candidatos electos dos diversos sectores.
DECEMBRO	
Xoves 9	12.30 h: Constitución do Consello Escolar

DECRETO 189/2010, do 11 de novembro (DOG do 19 de novembro), polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consello escolar - Artigo 15º.-Definición.



1. O consello escolar é o órgano de participación no control e goberno das escolas oficiais de idiomas por parte dos distintos sectores da comunidade educativa .

Artigo 16º.-Composición.

1. O consello escolar das escolas terá a seguinte composición:

- a) A dirección da escola, que exercerá a presidencia.
- b) A xefatura de estudos da escola oficial de idiomas.
- c) Un representante do concello do municipio en que estea situada a escola, que preferentemente estará relacionado co ámbito cultural.
- d) **Dous representantes de pais e nais ou titores legais.**
- e) **Un representante do persoal de administración e servizos da escola.**
- f) Os representantes do profesorado que se relacionan na subepígrafe seguinte.
- g) Os representantes do alumnado que se relacionan na subepígrafe seguinte.
- h) O secretario ou secretaria, con voz e sen voto.

1.1 No suposto de **escolas con máis de 60 docentes**, incluídos os/as docentes das seccións:

-**Nove docentes elixidos por e entre os membros do claustro.**

-**Sete representantes do alumnado elixidos por e entre este colectivo.**

(...)

2. **Un dos representantes do alumnado será a persoa que presida a xunta de delegados.**

3. **Un dos representantes de pais e nais ou titores legais será designado pola asociación máis representativa da escola.**

4. Unha vez constituído o consello escolar, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

5. Non poderán formar parte do consello escolar, ocupando o posto asignado á xefatura de estudos, as persoas responsables da xefatura de estudos nas seccións das escolas oficiais de idiomas.

6. O procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos membros do consello escolar rexerase polo disposto na normativa establecida para o efecto.

Artigo 17º.-Competencias.

O consello escolar terá as seguintes competencias:

- a) Formular propostas ao equipo directivo para a elaboración dos proxectos educativos e de xestión, da programación xeral anual e das normas de organización e funcionamento, e aprobalos e avalialos sen prexuízo das competencias do claustro en relación coa planificación e organización docente, así como informar a memoria anual da escola.
- b) Aprobar o proxecto de orzamento e a súa execución.



- c) Analizar e avaliar a organización e o funcionamento xeral da escola, especialmente, a evolución do rendemento académico do alumnado, os resultados das avaliacións internas e externas e a xestión da información entre os diferentes sectores da comunidade educativa.
- d) Decidir sobre a admisión do alumnado de acordo coa normativa vixente.
- e) Proponer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia na escola, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos.
- f) Coñecer a iniciación e resolución dos expedientes disciplinarios do alumnado e velar pola súa adecuación á normativa vixente.
- g) Coñecer as candidaturas á dirección e os seus proxectos.
- h) Participar, se é o caso, na selección da dirección de acordo co establecido na normativa de aplicación. Ser informado do nomeamento e cesamento dos membros do equipo directivo e proponer a revogación motivada da dirección por maioría de dous terzos dos seus membros.
- i) Elaborar propostas e informes, por iniciativa propia ou por petición da Consellería competente en materia de educación, sobre o funcionamento xeral da escola e a mellora da súa calidade.
- j) Establecer os criterios para colaborar, con fins educativos e culturais, coas administracións local e autonómica, centros docentes e outras entidades públicas e privadas.
- k) Promover a renovación das instalacións e do equipamento da escola e velar pola súa conservación.
- l) Promover políticas de igualdade na escola.
- m) Calquera outra que lle sexa atribuída pola consellería competente en materia de educación no ámbito das súas competencias.

Artigo 18º.-Comisións.

1. No seo do consello escolar constituirase unha comisión económica integrada pola dirección, un docente elixido polo seu sector no consello escolar, a presidencia da xunta de delegados e o secretario ou secretaria.
2. Igualmente, deberase constituír o observatorio da convivencia adaptando a composición establecida no Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar ás características do cadro docente das escolas oficiais de idiomas.
3. Poderán constituírse outras comisións para asuntos específicos, nas cales estarán presentes, cando menos, a dirección, un docente e un representante do alumnado. En todo caso as comisións informarán o consello escolar sobre os temas que se lles encomenden e colaborarán con el nas cuestións da súa competencia.